

PEZA DO MES

setembro

2025



AMULETO FÁLICO
CAMPAMENTO DE AQUAE QUERQUENNAE

Amuleto fálico. Campamento de *Aquae Querquennae*

74/75 d. C. – ca. 120 d. C.

Ámbar báltico tallado, puído e furado

Aquae Querquennae/Porto Quintela

(Bande, Ourense)

Número de inventario: DX1271/9

Dimensións: 17 mm (lonxitude) x 12 mm

(anchura máxima) x 67 mm (grosor máximo) x

23 mm (diámetro do orificio) x 0,79 g (peso)

Contexto arqueolóxico

O campamento militar de *Aquae Querquennae* posúe unha planta rectangular coas esquinas redondeadas e abrangue unha superficie interna próxima ás 2,6 ha. Trátase dun recinto castrense construído na época alto-imperial romana con carácter permanente (*castra stativa*). Entre os restos arquitectónicos descubertos e consolidados inclúense un tramo de muralla con torres cadradas dispostas a intervalos regulares, un foxo, o trazado parcial da vía que circunda internamente o campamento, as súas catro portas, o hospital, varios barracóns de tropa, o cuartel xeral, o edificio destinado ao mando da unidade e as latrinas. Aquí estivo destinado un destacamento dependente da *legio VII Gemina*, lexión acantonada en León. O achado dun fragmento de tella con selo permitiu coñecer o nome da unidade desta base militar. No dito selo pódese ler a marca *CIIII*, interpretada como *cohors III*. De acordo coas recentes investigacións, esta unidade identifícase agora cunha *cohors milliaria*, é dicir, unha tropa que acadara un número teórico de mil soldados de infantaría. Este forte ergueuse para a construción e a vixilancia da vía XVIII do Itinerario de Antonino, que unía Braga con Astorga, por cuxo motivo nas súas inmediacións se estableceu unha mansión viaria (*mansio*).

As tropas abandonaron as súas instalacións de xeito pacífico; non obstante, recuperouse material significativo: cerámica, fibelas, moedas, vidros, lucernas, doas vítreas de colar, taboleiros de xogo, instrumental médico-cirúrxico, materiais de construción e restos do equipamento militar.

O asentamento do campamento trouxo consigo un desenvolvemento urbanístico que se viu reflectido na súa contorna coa aparición simultánea dunha aglomeración civil (*vicus militaris*) e a mansión viaria antes citada, a cal constituía un enclave oficial da rede de comunicacións terrestres do Imperio Romano. Estes núcleos emerxentes contribuíron decisivamente á difusión da cultura romana na súa área de influencia e continuaron activos, despois da marcha das tropas, ata o século V d. C. Como consecuencia do seu interese histórico e arqueolóxico, este campamento e a súa mansión viaria foron declarados ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica segundo o Decreto 101/2018, do 6 de setembro, da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao cumprirse o 50 aniversario do comezo das investigacións arqueolóxicas sistemáticas neste xacemento, elixiuse para presentar como «peza do mes» un obxecto atopado nos traballos realizados nel que se caracteriza pola súa escaseza e singularidade no ámbito peninsular ibérico: un amuleto fálico de ámbar.

Descrición

En moitos dos museos españois, os e as visitantes teñen a oportunidade de contemplar amuletos fálicos de diversas tipoloxías e fabricados con distintos materiais. No noso caso, o exemplar forma parte da colección do MAPOU e procede da campaña de escavación arqueolóxica de 2015 dirixida por Santiago Ferrer Sierra. Atopouse no tramo meridional da calzada interior (*via sagularis*) que discorre entre a muralla e os diferentes edificios do campamento. Está perfectamente rexistrado, conservado, catalogado e contextualizado. Por desgraza, isto non sempre ocorre en todas as institucións, algunhas das cales albergan amuletos procedentes de intervencións, doazóns privadas ou depósitos xudiciais.

O amuleto (*amuletum*) de ámbar báltico con forma de falo tiña uso persoal e portábase como colgante. A peza caracterízase por posuír unhas dimensións exiguas, ter un peso insignificante e estar fabricada cunha materia prima orgánica singular, importada e custosa. O ámbar (*succinum*) identifícase cunha resina fosilizada de orixe vexetal que apareceu no Eoceno (ca. 40-45 millóns de anos) e, xunto co coral e o acibeche, forma parte das chamadas «xemas orgánicas». As súas características indican que ten unha dureza entre 2,0 e 2,5 na escala de Mohs, un índice de refracción de 1,5-1,6, unha gravidade específica entre 1,06 e 1,10 e un punto de fusión entre 250-300 °C.

O falo caracterízase pola súa simplicidade morfolóxica, cunha liña incisa que separa a glándula do corpo e dos testículos. No centro do seu corpo, unha diminuta perforación central permitía que o seu portador o levase colgado. Seguindo a clasificación proposta por J. del Hoyo Calleja e A. M^a Vázquez Hoys para os amuletos fálicos aparecidos en *Hispania*, a nosa peza incluíríase na categoría «VI.A.2 simple de perfil».

A presenza máis antiga da importación de ámbar báltico na Península Ibérica constátase no IV milenio a. C., como puxo de manifesto a análise dunha doa atopada na Cova del Frare (Maladepera, Barcelona) e, pouco a pouco, substituíu o ámbar de orixe ibérica e siciliana. Dando un salto á época do dominio romano peninsular, chama a atención a falta de estudos histórico-arqueolóxicos dedicados a esta substancia e, sobre todo, de análises dos obxectos ambarinos.

Malia todo, sempre hai excepcións, como os traballos feitos nos últimos anos cos materiais achados en *Augusta Emerita*-Mérida (Badajoz) e *Carmo*-Carmona (Sevilla), entre os cales se identificaron obxectos ambarinos procedentes da zona do Báltico que formaban parte de enxovais

funerarios datados en época alto-imperial. En séculos posteriores (V-VII d. C.), a presenza de ámbar báltico na Península Ibérica resulta máis notable, grazas tanto aos descubrimentos feitos como ás análises levadas a cabo.

No caso de Galicia, varias necrópoles escavadas en Vigo subministraron doas de ámbar que, nas publicacións especializadas, con base na súa aparencia, se cualifican como bálticas, a pesar de non contar coas análises pertinentes.

Análise

Para determinar a orixe do ámbar da nosa peza, esta enviouse ao Laboratorio de Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible da Universidade de Vigo. Encargouse da analítica a Dra. Estefanía López. Neste centro foi extraída unha mínima partícula (>0,1 g) e, a través do microscopio óptico, puido apreciarse a característica aparencia vítrea e translúcida do ámbar con tonalidades de cor laranxa.

O proceso continuou cunha análise realizada mediante espectroscopia infravermella por transformada de Fourier (*FTIR – Fourier Transform Infrared spectroscopy*). Este método converteuse na técnica estándar aplicada na investigación actual para determinar a orixe dos obxectos de ámbar, que no noso caso está na rexión báltica. Os datos fornecidos por esta metodoloxía permitiron identificar o que se coñece como «ombreira báltica» (*Baltic shoulder* en inglés), que vén sendo unha especie de pegada dixital para clarificar a súa procedencia.

O emprego do ámbar no mundo romano

A elaboración de obxectos de ámbar (amuletos, aneis, doas, agullas para peiteado, mangos para espellos, etc.) resultaba moi custosa como consecuencia do seu proceso artesanal e da súa importación, do cal se deduce que os seus propietarios tiñan un alto poder adquisitivo e pertencerían ás altas esferas da sociedade. A importancia dada a esta resina fósil pódese ver nos diferentes escritos gregos e romanos chegados ata os nosos días. Entre as fontes clásicas merece unha mención especial o enciclopedista Plinio o Vello, quen recopila múltiples testemuños sobre as orixes do ámbar (incluída a báltica) e as súas propiedades (médicas, aromáticas, medicinais, etc.), aínda que o inclúe na categoría dos minerais (*Historia Natural* XXXVII, 30-52).

Este produto viña empregándose nos territorios conquistados polos romanos dende o Neolítico. Explotábase sobre todo en Europa o ámbar de procedencia siciliana e báltica. A adquisición desta materia prima implicaba unha minuciosa trama de redes comerciais, medios de transporte e vías de comunicación reflectida na denominada «Ruta do Ámbar». Este itinerario discorría entre os centros neuráxicos de *Carnuntum*-Petronell/Bad Deutsch-Altenburg (Austria) e *Iulia Concordia*-Aquileia (Italia). Na actualidade, o emprego do ámbar báltico na elaboración de xoias segue sendo básico no

desenvolvemento dunha importante industria en países da Europa do Leste, en especial no caso de Polonia e Rusia (provincia de Kaliningrado).

Os amuletos fálicos

Estes obxectos tiñan unha función profiláctica. Considéranse moi eficaces fronte ao mal de ollo (*oculus malignus*) e a envexa (*invidiae medicus*). Ademais, levábanse como protección para realizar viaxes tanto en vida como no tránsito ao máis alá, razón pola cal moitas veces formaban parte dos enxovais funerarios. Por todo o territorio imperial, nos campamentos militares e na súa contorna de influencia resulta común atopar unha ampla variedade de amuletos (*bullae*, *crepundia*, *tintinnabula*, etc.) elaborados con diferentes materiais, e abundan os fabricados con aliaxes de cobre. Na Península Ibérica atopáronse *bullae* en diferentes tipos de asentamentos militares de época republicana, como un exemplar de cerámica procedente de Cáceres el Viejo (Badajoz).

No caso específico dos amuletos fálicos pódense citar, entre outros, exemplares de chumbo (El Pedrosillo / Casas de Reina, Badajoz), bronce (A Ciadella / Sobrado dos Monxes, A Coruña), acibeche (*Vindolanda*-Chesterholm/UK, nas proximidades do Muro de Adriano) e, por suposto, ámbar báltico, como ocorre nos casos de *Aquincum*-Budapest (Hungria) ou de *Viminacium*-Kostolac (Serbia).

Támén se identificaron noutros contextos amuletos fálicos elaborados con metais nobres (ouro ou prata), vidro, cerámica ou ósos de animais (dentes de mamut ou de xabaril), marfil, coral ou materiais perecedoiros (madeira). Os amuletos podían ser levados por individuos pertencentes a calquera estrato social e a súa calidade dependía das súas posibilidades económicas.

Amuletos atopados na provincia de Ourense

O noso territorio proporcionou varias pezas que se poden incluír na categoría dos amuletos e que apareceron grazas a escavacións feitas con metodoloxías arqueolóxicas axeitadas. Deste xeito, podemos mencionar, por citar algúns exemplos, un amuleto en forma de figa (*manufica*) e varias *bullae* de bronce, así como moedas empregadas como obxectos protectores atopados no Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé (Tibiás, Ourense); unha campaña (*tintinnabulum*) feita de bronce e ferro procedente do Castro da Muradella (Mourazos, Verín); ou un fósil de trilobites, recentemente publicado, atopado na Cibdade de Armea (Allariz).

Cronoloxía

A fortificación de *Aquae Querquennae* permaneceu ocupada dende a súa construción no ano 74/75 d. C., sendo emperador Vespasiano, co que a dinastía flavia toma as rendas imperiais, ata ca. 120 d. C., cando Adriano, membro da estirpe antonina, dirixe os destinos imperiais. Neste período de tempo dátase o amuleto fálico.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Tomás Vega Avelaira

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco